

Sabías que...?

- Para o próximo ano, o Goberno prevé que o PIB medrará en 50.000 millóns de euros, pero o «teito de gasto» —o límite de gasto fixado para as Administracións Públicas— só aumenta en 1.500 millóns de euros, situándose aínda 60.000 millóns por debaixo do 2010, e mesmo inferior ao do 2013. O crecemento non serve para revertir os recortes.
- Como consecuencia, o peso do gasto público no PIB volverá a baixar en España, e o mesmo sucedera co gasto en educación e sanidade. Isto afástanos cada vez máis de Europa: dedicaremos ás políticas públicas o 40,5% do PIB, fronte ao 47% de media da zona euro. A proposta de política económica do Goberno segue erosionando o xa de por si fráxil estado de benestar do noso país.
- Malia os anuncios do Goberno, o gasto social tamén medrará moi por debaixo do que o fará a economía: 2,8% fronte ao 4,3%.

Sabías que...?


- A consolidación dos recortes débese á falta de medidas que aumenten a progresividade fiscal (tributación do capital e da riqueza, eliminación de deducións no imposto de sociedades das que se benefician as grandes empresas) para resolver o verdadeiro problema: uns **ingresos públicos insuficientes**. Tamén aquí nos afastamos de Europa: seguimos estancados no 38% do PIB, fronte ao 46% da zona euro.
- Baixar os impostos e reducir o déficit só pode facerse consolidando servizos públicos insuficientes para a maioría.

Sabías que...?

- As **inversións públicas** atópanse xa no seu **nivel máis baixo dende hai 50 anos** en termos do PIB (1,9%) e 30.000 millóns de euros por debaixo do seu nivel anterior á crise. A maior parte do aumento previsto para o 2018 será inversión militar.

Sabías que...?

- Do dicir ao facer hai moito que percorrer: o Goberno orza cifras récord de ingresos públicos, pero no 2017 a recadación foi 7.000 millóns menos ca o orzado; o Goberno só executou no 2017 un 30% do gasto orzado para I+D+i, ou o 66% do orzado para a dependencia; o Goberno só orza o 40% do que comprometeu para financiar o pacto contra a violencia machista; o Partido Popular e Ciudadanos inclúen nos OXE do 2018 medidas con moito menor orzamento que o que anunciaron cando pactaron a investidura de Rajoy.



cuentasparaunnuevopais.info



Que está a pasar cos Orzamentos Xerais do Estado (OXE) para o 2018?

O Goberno presentou os OXE do ano 2018 no Congreso con medio ano de demora e sen ter negociado os apoios suficientes para aprobar os: **una mostra da súa debilidade, da súa falta de liderado e iniciativa.**

O contido do proxecto aprobado polo Partido Popular e apoiado por Ciudadanos confirma, ademais, a **ausencia de calquera proxecto de futuro**. Os orzamentos supoñen a continuidade do modelo de política económica destes anos e unha nova **oportunidade perdida** para aproveitar o crecemento a favor dos cambios que precisa España.

O crecemento económico non está xerando **progreso social**: non mellora a situación da maioría, e a elevada desigualdade instalouse coma unha «característica estrutural» da nosa sociedade. Uns **orxamentos alternativos** deben poñerse ao servizo dunha nova política económica e social para permitir que a **«saída da crise»** sexa unha realidade para todos e todas. Para iso fai falta reverter os recortes en educación, sanidade e dependencia. Porén, os OXE presentados polo Goberno supoñen a **consolidación dos recortes** dos anos anteriores.

As políticas do Partido Popular **non favoreceron o cambio necesario na forma na que España medra, e estes OXE tampouco o acadan**. Non conteñen medidas para garantir a sostenibilidade nin a transición enerxética; recortan as partidas de loita contra o cambio climático e non recuperan a inversión pública; tampouco contemplan partidas para impulsar un proceso de dixitalización que se poña ao servizo da maioría ou para impulsar a igualdade de xénero.

Que propoñemos?

A nosa proposta dá prioridade a reversión dos recortes en servizos públicos fundamentais, a redución das desigualdades e políticas activas para a verdadeira transformación do noso crecemento.

1. Un crecemento inclusivo que asegure o progreso social

- » Posta en marcha dun verdadeiro Programa de Renda Garantida para aqueles fogares que carecen de recursos suficientes.
- » Eliminación do Índice de Revalorización das Pensións (0,25%) para asegurar que todas se actualicen, cada ano, polo menos o mesmo que o IPC. Non eliminar este índice de revalorización suporá unha perda do valor real das pensións próxima ao 30% nos vindeiros anos.
- » Aumento das pensións mínimas e as non contributivas.



- » Financiamento da Lei de Dependencia para garantir un nivel de protección mínimo que porá fin ao «limbo da dependencia» (máis de 300.000 persoas que teñen recoñecido o dereito, pero que non reciben axuda).
- » Plan de Emprego para a Xuventude que facilite a inserción da xente nova no mercado de traballo e impulse o retorno dos emigrados.
- » Gratuidade do material escolar para garantir a igualdade de oportunidades escolares nos tramos de Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.
- » Plan de Aluguer de Vivendas a Prezos Sociais.
- » Plan de choque para acabar co emprego precario nas Administracións Públicas e oferta de emprego público extraordinaria con 20.000 novas prazas.

2. Un crecemento morado que acabe coas bechas de xénero

- » Reformar o sistema de permisos por nacemento ou adopción para aumentar o actual permiso de paternidade ata igualar o co de maternidade. Para garantir a igualdade efectiva de dereitos, o permiso debe ser igual para cada persoa proxenitora, intransferible (como todos os demais dereitos laborais e sociais), cunha remuneración equivalente ao 100% do salario e con protección do posto de traballo durante o exercicio dos dereitos de maternidade e paternidade.
- » Escolas infantís de 0 a 3 anos gratuítas.
- » Plan de Erradicación das Violencias Machistas: inmediate posta en marcha das medidas aprobadas no ditame do Pacto do Estado en Materia de Violencia de Xénero.

3. Un crecemento verde que promova a transición enerxética e aborde o reto do cambio climático

- » Plan Nacional de Eficiencia Enerxética (1.300 millóns de euros): plan de axudas á rehabilitación de vivendas, con especial énfase na rehabilitación enerxética.
- » Plan de Mobilidade Eléctrica, cuxo fin é substituír os vehículos de gasolina e diésel por vehículos eléctricos. Para que este proceso favoreza unha estratexia de crecemento máis sostible debe facerse en combinación coa drástica redución do peso da electricidade xerada a partir de combustibles fósiles e cunha crecente colectivización do transporte, relacionadas con estratexias de desenvolvemento do transporte público.

4. Gobernar a dixitalización a favor da maioría

- » Impulso (e democratización) da dixitalización da economía. Incremento das inversións en infraestruturas e redes encamiñadas a favorecer a dixitalización do noso tecido produtivo. Acompañado de lexislación para erradicar as novas formas de «precariedade dixital».
- » Plan de rescate da ciencia e da I+D+i, cun incremento da inversión e medidas de estímulo do retorno do talento emigrado.

5. Como financiar as reformas propostas? Asegurar un soldo de ingresos para garantir o Estado de benestar

Garantir e fortalecer a capacidade redistributiva do noso estado de benestar e á vez impulsar a modernización da nosa estrutura produtiva só será posible se se aborda a sempre proposta **reforma fiscal**. Reforzando a progresividade e loitando con máis eficacia contra a fraude fiscal será posible elevar significativamente a porcentaxe de ingresos sobre o PIB e achegarnos á media europea (actualmente situada en 8 puntos do PIB). Nos OXE do 2018 débense incluír xa algunhas medidas:

- » Incremento da fiscalidade verde para achegarnos á recadación europea.
- » Recuperación dunha tributación da riqueza: imposto sobre as grandes fortunas,
- » Creación dun recargo de solidariedade sobre os beneficios da banca e dun imposto de transaccións financeiras.
- » Incremento do gravame sobre as rendas do capital. Eliminación dos beneficios fiscais de carácter máis regresivo, como por exemplo as desgravacións dos grandes grupos empresariais no imposto de sociedades.
- » Maior progresividade no IVE, baixando o tipo ao 4% dos bens culturais e os de primeira necesidade, e ao 10% as subministracións básicas.